

Plantilla memoria xustificación económica do Máster en Enxeñaría de Telecomunicación

Universidade de Vigo

1. Persoal Académico

1.1 PDI da titulación

TÁBOA 1.1:

Proposta de cadro de PDI para a titulación (incluíndo profesorado externo, se é o caso)				
Universidade	Categoría	Total %	Doutores %	Horas %
Universidade de Vigo	Catedrático/a de Universidad	31.25	100	31.25
Universidade de Vigo	Profesor/a Titular de Universidad	48	100	48
Universidade de Vigo	Profesor/a Contratado/a Doctor/a	18.75	100	18.75
Universidade de Vigo	Profesor/a Permanente Laboral	2	100	2

TÁBOA 1.2

Cadro de profesorado dispoñible								
Univers.	Categ. académica	Nº	Vinculación coa univ.	Dedicación o título		Nº de Doutores	Nº de Quinquenios	Nº de Sexenios
				Total	Parcial			
UVIGO	CU	15	Permanente		X	15	79	62
UVIGO	TU	23	Permanente		X	23	93	55
UVIGO	PCD	9	Permanente		X	9	25	16
UVIGO	Permanente Laboral	1	Permanente		X	1	-	-

Non se precisa novo profesorado para impartir o título.

1.2 Outros recursos humanos

A Universidade de Vigo establece unha dotación de postos de traballo técnico, de xestión e administración e servizos para cubrir as necesidades de todos os centros. No portal de transparencia pódese consultar a relación completa e as características de cada un (<https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/pas/postos-organizacion>).

Na seguinte táboa (Táboa 1.2.a) preséntase unha lista do persoal asociado á Escola de Enxeñaría de Telecomunicación. En todos os casos os postos foron provistos por concurso. En primeiro lugar, dentro do ámbito tecnolóxico (Enxeñaría de Telecomunicacións, de Minas e Enerxía, Industrial e centros de apoio) hai un servizo de administración común e, en segundo, aparecen relacionados os postos que teñen dedicación total ou parcial na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (EET).

TÁBOA 1.2.a Relación de postos con dedicación total ou parcial á EET

Denominación	Nº	Escala	Subescala
Ámbito tecnolóxico			
Administrador/a	1	Técnica de xestión/Xestión	Administración
Posto base	5	Técnica administrativa/Auxiliar administrativa	Administración
Escola de Enxeñaría de Telecomunicación – Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía			
Área académica			
Xefe/a da Área de e Estudos de Grao	1	Xestión / Técnica administrativa	Administración
Xefe/a do Negociado de Estudos de Grao	1	Técnica administrativa / Auxiliar administrativa	Administración
Xefe/a da Área de e Estudos de Mestrado e Doutoramento	1	Xestión / Técnica administrativa	Administración
Xefe/a do Negociado de Estudos de Mestrado e Doutoramento	1	Técnica administrativa / Auxiliar administrativa	Administración
Área de apoio á investigación, transferencia e xestión de centros e departamentos			
Xefe/a de área	1	Xestión / Técnica administrativa	Administración
Xefe/a do Negociado de Apoio á Investigación e á Transferencia	2	Técnica administrativa / Auxiliar administrativa	Administración
Xefe/a do Negociado de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos	2	Técnica administrativa / Auxiliar administrativa	Administración
Xefe/a do Negociado de Asuntos Xerais	1	Técnica administrativa / Auxiliar administrativa	Administración
Área económica			
Xefe/a de área	1	Xestión / Técnica administrativa	Administración
Xefe/a de negociado	2	Técnica administrativa / Auxiliar administrativa	Administración
Área de servizos xerais			
Conserxe	1	Técnica especialista de servizos xerais	Conserxería
Auxiliar de servizos	6	Auxiliar técnica de servizos xerais	Conserxería

Hai que sumar a esta relación as unidades de xestión de servizos e recursos informáticos, de bibliotecas e técnicos/as de calidade da Universidade, dispoñibles para todos os centros. Os listados correspondentes tamén se poden consultar no Portal de transparencia da Universidade de Vigo. Con respecto á tipoloxía de contratación e a antigüidade no posto, a Unidade de análise e programas da Universidade proporciona os datos da Táboa 1.2.b. Na última columna pódese observar cales presentan unha dedicación total ó centro e cales compartida ca Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía ou con outros centros do mesmo ámbito.

TÁBOA 1.2.b Perfil da contratación e da experiencia laboral

Tipo	Data inicio Universidade	Data inicio posto	Coefficiente de dedicación á EET
Funcionario/a	01/11/2022	01/11/2022	1
Funcionario/a	29/04/2009	01/09/2023	1

Funcionario/a interino/a	11/12/2023	11/12/2023	1
Funcionario/a	01/11/2022	01/11/2022	0,5
Funcionario/a	21/05/1993	28/06/2017	0,5
Funcionario/a	01/11/2022	01/09/2023	1
Funcionario/a interino/a	01/09/2023	01/09/2023	0,5
Funcionario/a	21/05/1993	28/06/2017	0,25
Funcionario/a	03/11/2011	21/12/2022	0,5
Funcionario/a interino/a	28/11/2023	28/11/2023	0,5
Funcionario/a	21/05/1993	28/06/2017	0,5
Funcionario/a	03/11/2011	01/09/2023	0,5
Funcionario/a	03/11/2011	01/09/2023	0,5
Funcionario/a interino/a	08/05/2019	14/11/2022	0,5
Funcionario/a	25/02/1999	11/12/2023	0,5
Funcionario/a	03/11/2011	16/01/2020	1
Funcionario/a	21/05/1993	01/09/2023	0,5
Laboral	21/10/2021	21/10/2021	1
Funcionario/a	25/02/1999	14/04/2022	0,5
Funcionario/a interino/a	27/11/2023	27/11/2023	1
Funcionario/a interino/a	13/12/2019	13/12/2019	0,5
Funcionario/a	01/11/2022	01/09/2023	1
Funcionario/a interino/a	27/11/2023	27/11/2023	0,5

2 Recursos materiais e servizos

Actualmente a Escola de Enxeñería de Telecomunicación conta con recursos materiais e servizos adecuados e suficientes para o desenvolvemento das actividades formativas planificadas nesta titulación. Dispónse, ademais, dos medios audiovisuais necesarios para o caso excepcional no que a docencia deba impartirse en modo en liña.

Para a impartición das clases do Máster utilízanse as aulas de e laboratorios dispoñibles na Escola de Enxeñería de Telecomunicación da Universidade de Vigo. Dispónse ademais de seminarios, salas de reunións, sala de lectura, biblioteca e salas de videoconferencia.

Os laboratorios do Máster contan con computadores e equipamento específico. Dispónse de 16 laboratorios na propia Escola, complementados con aqueles laboratorios situados na Escola de Enxeñería Industrial, xestionados polo departamento de Tecnoloxía Electrónica.

Ademais, e para homoxeneizar o acceso aos recursos de teledocencia que acompañan á docencia presencial, o Máster utiliza a plataforma da Universidade de Vigo (www.moovi.es, plataforma baseada en Moodle), na que a principio de curso inscríbese ao alumnado de forma automática. Na plataforma Moovi, existe un curso por materia do Máster ademais dun curso relacionados coa xestión do Máster: “Espazo Coordinación MET”. Á marxe do espazo físico e os recursos técnicos propios do Máster, o centro dispón de servizos adicionais que son de relevancia para o desenvolvemento efectivo e eficiente do Máster. En concreto: Servizos Informáticos e Servizo de prevención de riscos laborais.

2.1 Espazos dispoñibles

Categoría	Número	Capacidade	Uso
Aulas	14	50-100	Sesións teóricas, exames e sesións especiais
	1	240	Sesións especiais e probas de avaliación
Laboratorios	9	14-25	Prácticas e proxectos de carácter experimental con instrumentación específica das diferentes áreas de coñecemento involucradas.
	14	18-35	Laboratorios informáticos
	3	-	Salas anecoicas
Salas de reunións	6	10-35	Reunións de clases tuteladas
Salóns	3	75-300	Celebración de actos e sesións especiais
Biblioteca	1	150	

2.2 Novos espazos necesarios

Non se precisan novos espazos para impartir o título.

2.3 Novos equipamentos necesarios

Non se precisan novos equipamentos para impartir o título.